

VI.

Diego recoñeceu axiña o lugar onde estaba, pese a ver todo como cuberto dunha fina tea traslúcida, e é que un par de semanas antes tivera que pasar bastantes horas da noite naquel box de urxencias do Centro de Saúde acompañando a un da panda cun molesto coma etílico. Cunha colosal sensación de alivio comprobou que seguía enteiro e que as súas lesións parecían limitarse ao brazo esquerdo, vendado pero non escaiolado. Recordou entón o acontecido como nunha pantalla, o seu torpe intento de fuxida na moto e o seu accidente, e de novo a preocupación fíxose forte no seu ánimo. Ergueuse como puido e conseguiu saír ao corredor. Quería preguntar a quen primeiro pasase por alí pero o que se atopou rompeulle por completo todos os seus esquemas previos. En vez de médicos ou enfermeiras, o centro parecía tomado por uns tipos de similar aceno serio nunca vistos pola vila e que rapidamente lle interromperon o paso. Esixiu falar con Lali, unha enfermeira coñecida da súa nai e que cría recordar que traballaba nas urxencias nocturnas, pero aqueles individuos non lle fixeron moito caso e no único que insistían era en que volveuse ao seu box sen maiores explicacións. Debeu teimar do xeito apropiado porque finalmente conseguiu a promesa de que lla mandarían nun par de minutos. Aceptou o trato de mala gana, pero antes de regresar conseguiu distinguir por entre a porta entreaberta de acceso a un grupo de xente que acurraban a Hixinio, o celador, con preguntas sobre ambulancias e familiares da parroquia de San Xacobe.

Non sabía que pretendía exactamente daquela enfermeira, pero axiña tivo claro que non lle serviría para moito. Lali limitouse a saudalo cun par de innecesarios bicos nas meixelas e a comprobar o estado da súa vendaxe, pero todas as preguntas sobre o que estaba a pasar ou posibles novas sobre os que quedaran no torreiro foron contestadas cunhas evasivas nerviosas tinguidas de mentira. Ela escapou prometendo traer a alguén que puidese dar mellores contestacións e a cabo duns cinco minutos entrou por alí unha muller duns trinta e poucos anos con ollar triste que se identificou como psicóloga do Servizo de Saúde. Cun ton melifluo explicoulle que acontecera algo moi grave (non deu maiores detalles) nos laboratorios que instalaran nesa parroquia e que agora equipos especializados (de novo, total ausencia doutros detalles específicos) tentaban atender ás persoas que estaban na festa porque podían estar afectadas. Por suposto, continuou aquela profesional, ela estaba ao seu dispor para canto quixese falar, etc., etc, pero continuou mantendo o veo informativo que a fogaxe da adolescencia era incapaz sequera de comprender. El repetía unha e outra vez en que estivera alí arriba e que todo quedara como sempre, aburrido e insoportable, como se esa constatación fose unha garantía, pero aquela profesional continuou coa súa mirada de mágoa e verbas pegañosas até considerar ben enchidos aqueles xoves oídos e liscou de alí coa promesa de acudir veloz se o necesitase. O seu lugar ocupouno de novo Lali, quen lle fixo tomar unha pastilla que o mantivo adurmiñado até que o acordaron o que parecían uns saloucos ao seu carón. Máis por aburrimiento que por curiosidade, decidiu comprobar a súa orixe e atopouse coa filla pequena de Pico acompañada por un par de amigas. Segundo parecía, a rapaza sufrira unha crise de ansiedade ao regresar á vila e escoitar o que estaba a pasar alí

arriba ou, máis ben, do que podía estar pasando, pois todo eran conxecturas, de aí que as súas acompañantes optaran por levala ao Centro de Saúde. Como contou unha destas, aburríanse por onde estaban a saír e ocorreráselles vir á festa, sobre todo para botar uns risos coa orquestra e os danzantes, pero o que atoparan á súa chegada fora todo o contrario a esa diversión esperada. O hermetismo daqueles soldados cortando a estrada de acceso e cantos camiños puideran conducir á parroquia fora demasiado para os nervios pouco acostumados daquela veciña, cuxo golpe de graza veu con aquela absoluta falta de cobertura dos móbiles. Así, ao terceiro ou cuarto intento, a súa cabeza dixo “basta” e pareceu cortarlle a respiración, para espanto das que a rodeaban.

Se algo bo podía extraerse de todo aquilo, facendo a necesaria valoración obxectiva, foi que, seica por primeira vez na súa vida, Diego experimentaba iso tan traído e levado da “empatía”. Compreendeu o que era poñerse no lugar da outra persoa porque, precisamente, estaba a entender nas súas verdadeiras dimensións a angustia daquela rapaza e os seus desesperados intentos de pescudar calquera cousa relativa ao estado da súa familia, de feito, el quedara a salvo desa mesma crise de ansiedade precisamente grazas ao seu accidente coa moto. Tras presentarse como Diego o dos Coelleiros e, ante as caras de estrañeza, precisar a información de que era o irmá de Lidia, a noiva de Carlos, o do Ibiza vermello tuneado, detalle clave para a filla de Pico, secreta fan do falecido recadeiro dos laboratorios, pasou a ofrecerse para tanta acción conxunta puidese servir para aclarar a situación das familias. A rapaza entón, tras outro ollar escéptico a quen até ese mesmo día tiña no seu directorio mental dos mamalóns da vila, aceptou a

axuda, seica porque non había máis a man ningún outro voluntario e así, entre os dous, co apoio incondicional das colegas dela, concluíron que debían evitar a súa actitude actual de pobres mozos que non se decatan e, pola contra, adoptar a, de entrada, máis agresiva de reclamantes incansables das necesarias explicacións. Con esa idea común, buscaron a un daqueles descoñecidos que estaban polo Centro de Saúde a acantoárono a preguntas até que el recoñeceu que era un especialista “externo” (esa foi a palabra usada) e que, efectivamente, había unha situación de alerta ocasionada por un problema dos laboratorios que podía afectar á parroquia na que estaban situados, pero que xa se tomaran as necesarias medidas preventivas co apoio das forzas da orde. En resumo, veu dicir que eles estaban alí só para asesorar en pequenas cuestións e máis nada porque, ao cabo, só viña ser un accidente laboral un pouco máis inquietante do habitual. Non houbo xeito de conseguir máis detalles, ao contrario, Diego acabou converténdose en involuntario interrogado tras repetir que el baixara de alí. Aquel descoñecido fíxolle entón unha serie de preguntas sobre o sitio e o que por alí vira que o deixaron máis nervioso. Os dous rapaces quedaron definitiva e cruelmente convencidos da súa impotencia, sobre todo Diego quen, debido a non ter aínda os 18 anos, foi conducido sen contemplacións a unha estancia na que esperar a presenza dalgún responsable maior de idade que viñese facerse cargo del.

O día a día como político con responsabilidades de xestión limitadas a un contorno concreto trouxera algunha que outra alegría e bastantes desgustos, pero Raúl preferira interpretalo como o seu lugar perfecto no mundo. Sempre desexara esas responsabilidades, á marxe dos vantaxes que

en ocasións trouxeran consigo. Durante toda a súa traxectoria política pensara, incluso nas súas decisións máis discutibles ou directamente rexeitables, que estaba axudando ao conxunto dos veciños e a cada un en particular, pois como axuda individualizada interpretaba os favores ou favoritismos cara a algúns dos seus electores. Agora, o feito de conducir no medio da noite na busca da filla de Pico volvíalle producir esa satisfacción aínda que miserable de quen se ve cunha mínima capacidade para poder cambiar as cousas. Aceptaba as indicacións histéricas daquel desgraciado sobre os posibles itinerarios para atallar que puidera seguir a súa filla coa convición de que, no fondo, era el quen realmente lideraba todo aquilo. Aínda lle doía a cabeza polo golpe, pero sabía que aquel pobre veciño comprendera ao cabo a súa acción. Non lle fora fácil, ao contrario, a el caíalle moi ben a muller de Pico, incluso coincidira con ela uns anos antes no Consello Escolar, e bastantes veces fixeran fronte común ante algunhas decisións docentes, pero esa persoa debera morrer durante esa noite, e aquel monstro coa súa mesma forma xa non tiña nada que ver con ela, por iso non dubidou en usar a vella pistola do cabo da Garda Civil. Pobre Pico, compadeceuse desde a súa tranquilidade de saber á súa familia a salvo, pero se ese veciño non conseguía atopar a salvo á filla que fuxira, non quería nin imaxinar a súa desesperanza. O sentimento de culpabilidade sobrevoouno unha vez máis, pero preferiu centrarse na conducción. Non arranxaba nada concluíndo en que os laboratorios foran o inicio daquel pesadelo, pero a súa percepción era demasiado teimosa para seguir xustificándose coas dilucións da responsabilidade entre o conxunto da Corporación Municipal. Enganarano, ese era o triste resumo. Outra manda de instrucións incomprensibles devolveuno á realidade concreta da conducción

entre troncos e rochas, e aplicou de novo todos os seus sentidos nela mentres premía un pouco máis o acelerador. A pesar da lúa chea, aquela zona resultaba moi escura e por iso non viu ao antigo empregado da multinacional que chegou por un lado até que se lle botou enriba do capó. Non lle quedou outra que frear en seco ao tempo que daba un golpe de volante. Tal e como esperaba, aquel corpo saíu despedido, pero un inesperado efecto secundario da súa acción foi que o vehículo chocase nunha das únicas rochas de tamaño considerable do camiño e que veu demostrar a dureza do seu granito fendendo a defensa e incluso a chapa como se fosen de cartón. Os airbags disparáronse de inmediato e durante uns angustiosos segundos tivo a sensación de que morrería asfixiado por aquel globo invasor do cubículo e non por un golpe que ao cabo só lle provocara unha mazadura nun xeonllo, aínda que o que de verdade lle asustou foi comprobar o estado de Pico ao dar á luz interior, e non porque o seu acompañante tivese o queixo empapado de sangue por terse mordido o beizo no golpe. O de verdade aterrador foi o que el non puido clasificar de outro modo que “desconexión”, como se na colisión se apagase o mecanismo que lle daba a verdadeira substancia do veciño coñecido como Pico. Pola contra, o robot que saltou do coche brandindo aquel martelo e desoíndo todas as preguntas sobre o seu estado tiña xa tan pouco de humano como a cousa que se retorecía no chan, e cando elevou aquela ferramenta e a descargou sen dubidar sobre aquela cabeza de aspecto tan espantoso, Raúl comprendeu que debía levar a aquel home a recibir atención médica urxente, por moito que teimase con seguir buscando a filla. Porén, ningunha daquelas dúas posibilidades parecía poderse cumprir de xeito inmediato. O golpe debiera afectar dalgún xeito ao motor e agora este non acendía en ningún dos

repetidos intentos de Raúl coa chave de contacto. Probo varias veces e con diferentes presións e posibilidades como pisar pedais ou deixalos soltos, pero o movemento continuou ausente naquel coche. O pánico invadiuno e para nada colaboraban os berros do seu copiloto esixíndolle que abrise o capó. A imposibilidade de subir aquela tapa metálica debido á súa deformación polo golpe engadiulle un pouco máis de ansiedade e ao compañeiro un pouco máis de ira. O resumo de todo aquilo, único e inescusable, era que quedaran tirados no medio do monte, seica a tres quilómetros das primeiras casas da vila, pero esa distancia antollábase insalvable nesas circunstancias. Pico blasfemaba entre saloucos e daba voltas ao coche como se ao seu redor puidese atopar a solución a aquel problema inesperado até que de súpeto subiuse nun chimpó aos asentos traseiros e pulsou todos os peches das portas. Raúl comprendeu ao intre. Acercábanse dúas persoas, podían oírse perfectamente os seus pasos pisando os fentos secos, pero aquel avance tan pouco coidadoso permitía deducir tamén a súa verdadeira natureza: Tula e Camilo, os anciás irmás coa vella casa familiar naquel barrio, deberan quedar infectados nalgún ataque durante a noite e avanzaban no seu novo estado maldito en busca de alimento vivo. Agora xa non andaban encurvados nin coa lentitude propia da súa avanzada idade. Pola contra, aquela parella parecera beneficiada nas súas aptitudes físicas nesa resurrección espantosa e mantiñan un ritmo de zancada propio de deportistas afeccionados que deseguida os situou fronte ao coche pechado.

Raúl ordenara entre murmurios o máis absoluto silencio mentres procuraban agocharse o máximo posible entre os asentos. Un escaso pouso de esperanza parecía suxerir que, se quedaban dese xeito, pasarían de longo,

pero a realidade veu disolvelo. Ese novo instinto que todos os redivivos parecían adoptar fíxolles detectar sen problemas a carne potencial que naquela mole metálica se encerraba e puxéronse a golpeala con insistencia. Raúl díxose a si mesmo que dese xeito podían manterse a salvo pois non parecían capaces de escachar os cristais, pero, asemade, unha dubida insoportable sobre a resistencia dos mesmos veu tombar as súas esperanzas. Aqueles seres parecían petar ritmicamente toda a superficie do coche. Viñeron engadirse os “nonnononon” que como unha ladaíña rosmaba Pico e de novo sentiu unha fonda preocupación sobre o aguante daquel home. Presentía os seus tremores e temía as súas reaccións, sobre todo cando empezou a repetir “fillafillafilla” con voz ascendente até que as súas palabras retumbaron naquel interior, encirrando aínda máis a aqueles depredadores, que pareceron duplicar os seus golpes. Pedíulle entre aqueles inútiles murmurios que calase, pero aquel home non respondía xa a ningunha instrución. A súa axitación ía nun aumento proporcional a aqueles golpes, cada vez máis seguidos e sonoros. Con todo, até o último intre, incluso cando viu revolveuse a aquel home buscando algo polos asentos e a grella, non pensou no que podía facer, e o son do detonación relacionouno cun imposible estoupido do motor, desbotando inconscientemente a imaxe directa de como empuñaba con furia a arma do veciño. O disparo da escopeta rebentara a cara da vella Tula, levándose por diante todo o cristal que separaba a ambos tamén e por aí introduciu as súas mans o irmán, absolutamente indiferente á perda e animado por aquela inesperada oportunidade de alcanzar aqueles dous vultos móbiles de alimento. Pico quixo facer branco naquel outro aceno espantoso, pero o disparo saíu desviado cara ao teito do coche no forcexo entre os dous e non tiña

posibilidade de tentar outra cousa, pois bastante ocupado estaba interpoñendo a arma entre el e aquela boca voraz que só buscaba trabalo. Raúl colleu a pistola e disparou. Apertou o gatillo varias veces e os disparos resoaron dun xeito enxordecedor. Comprobou con alivio que ao menos un deles instalárase no medio da fronte do malpocado Camilo, lanzándoo cara á noite. Compreendeu simultaneamente que xa non quedaban balas na recámara daquela pistola e que estaban momentaneamente salvados do perigo, pero sen protección posible ante novos redivivos. Aquel cristal escachado convertía aquel vehículo inmóbil nunha auténtica trampa para os dous, tal e como lle permitían deducir os restos de racionalidade dos que aínda podía facer gala naquela situación e que en modo algún adornaban ao seu compañeiro de expedición, neses momentos crebando o silencio cunha mestura de risos e salucos a partes iguais. Sentiu uns desexos inmensos de cruzarlle a cara con dúas boas labazadas, pero supuxo que non servirían de nada. “Que imos facer agora”, preguntou, controlando o ton da súa voz todo o que puido. Pico contestou simplemente que seguir andando en busca da súa filla, como se lle fixeran a pregunta máis obvia do mundo. Nin por un segundo parecera valorar que podían asaltarlles máis cousas como aquelas no descenso e que só tiñan aquel martelo tan pesado e aquela escopeta para defenderse.

A experiencia de rular por canto recuncho cutre había permitira á alcumada Bolboreta deducir uns cantos detalles sobre a natureza humana moi atinados. Así, con menos de trinta anos comprendía á perfección asuntos como as diversas pulsións sexuais, as variadas metamorfoses éticas ou, en xeral, a moldeabilidade dos grupos. O que nunca esperara en absoluto era que puidese

darse algo que ela non dubidaba en cualificar como sede de sangue. O grupo outrora tan medorento parecía embravecido polo éxito logrado coa eliminación dos tres antigos membros da orquestra e agora bulía argallando plans para alcanzar algúns coches e fuxir campo a través como fixeran Pico e Raúl. Dicían non aguantar máis naquel encerro e as súas esperanzas eran saír ao encontro da axuda e, polo camiño, poder dar cabo dunhas cantas daquelas cousas, unha vez demostrado que se podían vencer empregando as necesarias doses de rapidez e agresividade en equipo. Había o que ela chamara para si un “comité de vinganza”, encabezado pola filla e o xenro dos Coelleiros, e o peor era que moitos empezaban a prestarlle unha atención interesada sen valorar os múltiples buratos do seu plan. Se ben unha maioría seguía preferindo esperar acantoados alí arriba, o ímpeto daquel comité conseguía con rapidez novos adeptos. Ao seu favor xogaba que a casa parecía estreitarse cada vez máis, metamorfoseándose nun cortello a ollos vista e calquera solución parecía boa, aínda que fose unha tan suicida como aquela. “Ti manteraste en segunda fila e axudarás aos feridos”, determinou sen un chisco de dúbida o xenro dos Coelleiros, e ela non puido deixar de pensar que a xente estaba dando en tolo. O garda civil opúñase sen forzas, aínda que sospeitaba que no fondo lle atraía a idea, se atendía o xeito que tiña de acariciar o rifle e a pistola en movementos alternos, como se estivese desexando poñelas a disparar.

Volveu asomar á ventá. Abaixo parecía haber menos destas cousas e durante unha décima de segundo pensou que a idea proposta podía ser unha boa oportunidade, pero lle bastou ver uns ramallos sacudirse ao lonxe para lembrar que só albiscar uns poucos non quería dicir que non houbera máis nos arredores do torreiro. Regresou ao interior para comprobar que, tal e como

temera, aquel axente da Benemérita non era precisamente un exemplo de constancia. Ao cabo, parecera organizarse un grupo de catro homes e tres mulleres comandado pola filla e o xenro dos Coelleiros que, segundo parecía, tiñan as chaves dun Land Rover longo aparcado ao carón da cantina, suficiente para levalos a todos. O seu plan era simple, descender pola estrada até o accidente e esquivar pola beiravía todos os coches esnafrados pois, aínda que o terreo era escarpado, coidaban que por aquela zona habería o suficiente pé para abeirar os outros coches e, antes diso, machucar a cabeza de todas aquelas cousas que lles saísen ao paso. Solicitaban para iso a colaboración do garda civil, quen desde a ventá podía disparar aos posibles atacantes daquel grupo co rifle do propietario da casa. Baseaban a súa petición na excelente puntería demostrada e, o que era o trasno do orgullo, el parecía aceptar encantado aquelas gabanzas, seica por iso apenas escoitaba os comentarios dos encargados da cantina sobre o extremadamente arriscado dunha manobra dese estilo cun vehículo con tantas dificultades para a súa conducción nunha pendente onde apenas poderían traccionar as rodas. Aqueles tipos lembrábanlle ao axente as complicadas características daquel tramo da estrada que el puidera testar de primeira man e que deberían levarlle a previr e aínda prohibir unha determinación tan suicida. Nada hai tan perigoso como avivar a vaidade dunha persoa con pouca personalidade, comprendeu desolada a cantante, e todas as mostras de prudencia anteriores daquel home parecían evaporarse ante o seu desexo de volver quedar como un tirador destro e capaz de conter a ameaza para aquel grupo de fuxidos. Cunha xactancia insufrible dicía que podía disparar aquel magnífico rifle Browning coa suficiente precisión, caso de que se achegasen novos resucitados. Alegaba as súas excelentes

puntuacións nas prácticas de tiro na Academia e ela tivo que morderse a lingua para non recriminarlle que non pensase antes en facer o mesmo cando escaparon aqueles dous homes. Que só puidese dispoñer de tres cartuchos en cada ocasión ou o de que contase cunha mira aberta e, por tanto, menos precisa para a puntería sobre un obxecto de escaso tamaño como era unha cabeza non lle pareceu relevante nin a el nin ao grupo que ía baixar, malia que esas indicacións viñesen feitas por, segundo dicían os demais, un dos veciños máis experimentados en armas de caza. O rapaz quedara instalado nun inverosímil estado mental no que se debía contemplar a si mesmo como o vingador eficaz de todo aquel pesadelo e o peor de todo era que aquelas sete persoas parecían aceptar sen máis esa postura. O que era peor, a ansiedade destas por rebentar o maior número posible de cabezas de monstros facíaalles pedir que non se disparase a menos que non fose estritamente necesario, como se quixesen dispoñer do maior número posible de inimigos cos que dar renda solta aos seus desexos de vinganza.

O grupo colleu os obxectos máis manexables coas mellores condicións de contundencia e preparáronse para abandonar a casa. Nas súas caras, diversas expresións que ían desde o nerviosismo até o máis insoportable odio pero, en todas elas, a máis absoluta seguridade. De nada valeron os últimos avisos dela, con aquel fío de voz que viña arruinar a súa frialdade anunciando que non se achegaría a ninguén que regresase con calquera tipo de ferida causada por aquelas bestas e que, polo contrario, esixiría de inmediato ao responsable das armas que lle pegase un tiro para acabar de raíz co potencial perigo. Calouna o fillo do dono cun incontestable “temos que regresar canda o único fillo que nos queda. Non aguantamos máis aquí”, que rematou a

discusión. O aviso desde a fiestra de que só se albiscaban a dous entretidos cos restos dunha vaca e que outro par que aínda estaba por alí parecera marchar foi o sinal de partida que estaban esperando. Non dixeron máis nada, pero as mulleres aínda tiveron arrestos de despedirse con dous bicos das coñecidas que as acompañaron até a porta, Bolboreta incluída. Esta sentíase demasiado conmocionada para continuar teimando sobre os perigos que lles agardaban e só foi capaz de tatear un débil “sorte”, seguramente non escoitado polas destinatarias.

Aquelas sete persoas deixaron a casa cun gran sixilo, mantido mentres con moito coidado baixaban as escaleiras e emprendían a marcha cara ao Land Rover, a uns metros de alí. Parecía que aquelas dúas cousas non se ían decatar daquela fuga se continuaban mantendo aquela prudencia pero, inesperadamente, o fillo dos Coelleiros pareceu sufrir un violento ataque de agresividade que se contaxiou no acto á súa dona e aos outros homes do grupo, e correu en tromba onde estaba a parella de resucitados. Descargou con todas as súas forzas a figura de bronce que levaba sobre o cranio dun, fulminándoo sen que tivese tempo de volveuse sequera. O peor foi o berro con que acompañou a súa acción, un son animal que compendiaba todo o odio, tristura e frustración das últimas horas e que fixo arrepiar a todos os que o escoitaron, seica tamén ao outro redivivo, quen pareceu quedar paralizado unhas décimas de segundo antes de tentar incorporarse. A filla do Coelleiro foi quen desa vez descargou o primeiro golpe contra el, como se o grupo lle concedese dun xeito inconsciente ese privilexio de vinganza, pero as súas forzas non eran nin a metade das do mangallón do seu home e só conseguiu que perdese o equilibrio. A cousa saíu rulando, pero inmediatamente volveu ao

ataque ante a aterrada parálise da súa agresora, terror incrementado ao ver como saltaba a tapa dos miolos daquel verdugo frustrado. A cantante entón respirou aliviada ante a probada excelente puntería do garda civil e incluso agromou nela a ínfima esperanza de que aquel plan tolo podía resultar. O grupo desviárase bastantes metros do camiño ao Land Rover, nada relevante nunha situación normal, pero a alcumada Bolboreta presentiu un intre antes do desenlace que fora unha decisión moi equivocada. Acababan de chegar outros tres redivivos, e de detrás da furgoneta da orquestra xurdían tres máis e aquelas persoas demostraban dolorosamente non estar en absoluto adestradas para unha loita corpo a corpo en campo aberto. Comezaron a repartir golpes sen ningún orde nin puntería que efectivamente mallaban naqueles corpos mortos en movemento, pero ningún parecía converterse en definitivamente letal. Pola contra, reaccionaban cunha violencia multiplicada ante aquelas lesións en tronco, brazos e pernas que quebraban os seus osos e lles empeoraban un pouco as súas habilidades depredadoras pero en nada a súa ansia de alimento. Un deles conseguiu trabar no brazo nunha daquelas mulleres, a máis débil, cuxos golpes cun traveseiro de metal non pasaran da categoría de enérxicas sacudidas de alfombras e que ante o intenso dolor soltou a súa arma e centrouse en tentar separarse daquelas fauces incansables, algo só conseguido tras deixar parte da carne e dos músculos naquela boca. Un segundo disparo desde a casa conseguiu entrar sobre a orella dereita dun dos redivivos máis demorados e este caeu nun violento xiro como unha buxaina impulsada por un forte tirón, pero o terceiro e último tiro daquel cargador cumpriu a espantosa traxectoria que ninguén quixera imaxinar, atravesando limpamente a ancha manga do gabán daquel resucitado e indo

rematar no pescozo da muller débil á que se dispoñía a atacar. A ferida pareceu esquecer a urxencia duns segundos antes e, botándose as mans ao colo, caeu de xeonllos e expirou, pero ninguén dos que a acompañaba puido facer nada por axudala nese último momento. Agora había unha inmensa melé na que estaban sumidos persoas e resucitados, as primeiras repartindo golpes cun tino decrecente e os segundos saíndo despedidos e regresando teimosos ao sitio de onde foran expulsados, pero, con todo o horror que tiña aquela escena, a cantante contemplaba cun similar nivel de terror o derrubamento de quen, con todas as prevencións, consideraba o principal garante defensivo. O garda civil tremía violentamente e amosábase incapaz de repoñer a munición, deixando caer os cartuchos e non atinando a inserilos no cargador, como se fosen máis anchos que o burato polo que entraban. Cando por fin o conseguiu, apuntou de novo a aqueles monstros, pero a brandura coa que empuñaba aquela arma fixo que no impulso a deixase caer pola fiestra. Preso da desesperación, comezou a disparar case ao chou coa súa pistola, pero á distancia que estaba non pasou de rozar a algunha daquelas cousas, até que precisamente o cazador experimentado afastouno dun tirón e lembroulle a necesidade de conservar a munición. Bolboreta pechou fiestra e persianas, tanto para que non volvese asomarse aquel axente como para silenciar dalgún xeito os berros e alaridos que chegaban de abaixo e aos que non quería unir a visión das imaxes terribles relacionadas. A pesar de todo iso, pareceu escoitar o ruído dun motor vello ao arrincar, pero achacouno máis ao seu desexo que á concreta percepción do son.

Regresou canda o axente. Agora máis parecía un neno pequeno extraviado que o home afeito polo que tentara pasar uns minutos antes.

Encollido no chan, choromicaba repetindo “quefixenquefixen” nun ruxerruxe monocorde. Ela abrazouno brevemente, sobre todo por acalar aquel eco tan molesto, pero ao notar que el a apertaba cunha intensidade inapropiada separouse cunha rapidez xustificada nas súas obrigas inescusables coas outras persoas. Realmente, todos parecían necesitar algún tipo de axuda sanitaria pero, sobre todo, psicolóxica. Os ánimos estaban a derrubarse, e a iso colaboraba tanto o silencio sepulcral como, sobre todo, o rumor e o reinicio dos golpes sobre as persianas da cociña e a porta de entrada. Parecían engadirse novos redivivos a aquela cerimonia de inauguración do inferno na terra. A xente reaccionaba ante elo desde o que podía considerar habitual como berros históricos ou algún desmaio pero tamén se daba a inqueda falta de reacción por primeira vez naquela noite, unha indiferenza propia de quen se ve definitivamente derrotado e parece darlle igual todo. Aínda así, unha vaga de pavor atravesou a todos aqueles superviventes ao escoitar como alguén petaba na porta pedindo que a deixasen entrar, provocando unha nova serie de reaccións entre a dúbida, o desexo de axudar e a negativa firme a abrir pasase o que pasase, pero todas elas confluíron na única e definitiva do terror puro ao escoitar como se metía unha chave na pechadura con movementos vacilantes e se abría a porta.